



Consulta Popular Estatal Monarquía ou República 14 de maio de 2022

PROTOCOLO DA XORNADA DE VOTACIÓN

Mesas electorais

Material que DEBE estar en cada mesa de votación o día da Consulta:

- Urna precintada
- Papeletas de votación
- Acta da votación
- Folla de datos estatísticos (códigos postais, tramo de idade e xénero) das persoas votantes.
- Carteis da Consulta ou faldrón co logo da Consulta rodeando a mesa
- Bolígrafos
- Protocolo da Xornada de Votación
- Comunicación presentada ao Concello, así como resposta recibida.
- Comunicación presentada á Subdelegación do Goberno, así como resposta recibida.

Material que PODE estar en cada mesa de votación o día da Consulta:

- Dípticos e folletos informativos da Consulta Monarquía ou República, que poderán repartirse ás persoas próximas á mesa, como medio de información e para incentivar a participación.
- Follas en branco para anotar posibles contactos futuros de persoas interesadas en colaborar ou recibir información futura.

Material que NON DEBE estar nas mesas de votación o día da Consulta:

- Símbolos identificadores ou propagandísticos dalgunha das dúas opcións de voto, como bandeiras, carteis, folletos, dípticos, etc.
- As persoas que formen a mesa non poden levar nada que faga propaganda dalgunha das dúas opcións que se someten a Consulta.

Horario de votación

Horario xeral: de 10:00 a 15:00 horas, ampliable ata as 19:00 horas.

A instalación das mesas debe realizarse coa debida antelación para que á hora sinalada estean en funcionamento.

Idade mínima para poder votar

16 años cumpridos o día da Consulta.

Emisión do voto

- Ao tratarse dunha Consulta non vinculante e non dispoñer dun censo previo, poderán emitir o seu voto todas as persoas que o desexen, con 16 ou máis anos cumpridos.
- Á persoa que queira votar facilitaráselle unha papeleta de voto, na cal deberá marcar cun X o recadro que queira, coa debida confidencialidade. Esta papeleta, unha vez dobrada, introducirase na urna, asegurándose de que só se introduce unha papeleta. No haberá sobres.
- Para un seguimento do número de votantes e cotexar cos votos emitidos, as persoas facilitarán o seu código postal, que será consignado na Folla de Datos Estatísticos, xunto co seu tramo de idade e xénero.

Escrutinio

- O escrutinio será público para quen queira presencialo.
- Unha vez rematado o proceso de votación, procederase a abrir a urna e farase o recuento de:
 - ◇ Votos nulos
 - ◇ Votos en branco
 - ◇ Votos para cada opción que se somete a Consulta.
- En caso de que o número de papeletas non coincida co número de votantes da Folla de Datos Estatísticos, consignarase como incidencias na Acta de Votación.
- Na Acta de Votación consignaranse estes resultados, o número de votantes (segundo a Folla de Datos Estatísticos cuberta), incidencias ocorridas, así como o resto de informacións do dito impreso, que será asinado polos responsables da mesa, cuxos datos (incluído o teléfono dalgún deles) deberán tamén figurar.

Comunicación entre as mesas de votación e o centro loxístico

- Todas as comunicacións realizaranse polo sistema dixital que se estableza.
- Co fin de axilizar as comunicacións cada mesa nomeará unha persoa coordinadora que será quen suba a información dixitalmente.
- Establécense os seguintes horarios de comunicación de información:
 - ◇ Antes das 20.00 h a persoa coordinadora de cada mesa comunicará de forma dixital os resultados ao centro loxístico.
 - ◇ Antes das 24.00 h do día da votación enviarase copia da acta de votación cuberta de cada mesa a un enderezo de correo-e da Plataforma da Consulta que se comunicará previamente.
- O antes posible publicarase un comunicado cos resultados globais, que será difundido por todos os medios, redes e canles posibles.

Asesoramento legal e incidencias

- O Centro Loxístico e as persoas coordinadoras da Consulta Estatal estarán en contacto con asesores xurídicos e as delegacións do Goberno, por se fose

necesario realizar algunha indicación ou comunicación ao longo da xornada de votación.

- Calquera incidencia debe comunicarse ao Centro Loxístico para a súa xestión.

Recursos materiais

- Cada territorio deberá conseguir os materiais necesarios para a votación: mesas o tableiros con soportes, urnas, cadeiras, pérgola se queren tela, para o sol ou posible chuvia, e resto de materiais.
- As mesas rodearanse de carteis ou faldrón co logo da Consulta, e que poderá usarse tamén de adorno nalgunhas paredes próximas.
- Todos os modelos de documentos: papeletas de votación, Acta de Votación, Folla de Datos Estatísticos, etc. estarán na páxina web da Plataforma para que todos os territorios, organizacións, colectivos e persoas que impulsan a organización de mesas de votación os poidan descargar e imprimir.

Plataforma Consulta Popular Estatal Monarquía ou República
<https://plataformaestatalmonarquiaorepublica.org/>

